

INFORMACIÓN DO PROCEDEMENTO

Formas de presentación da SOLICITUDE DE ADMISIÓN: presencial ou electrónica.

Presencial no centro educativo que solicita en primeiro lugar:

- 1.- Cubrir a manualmente a solicitude de Admisión, modelo ED550B- **Anexo II e Anexo II bis** (Asinado de forma manual *pola **outra** persoa proxenitora, titora ou acolladora*)
- 2.- Presentala no centro solicitado en primeiro lugar. (pode descargarse da aplicación ADMISIÓN ALUMNADO ou solicitala no centro educativo.

*** Pódense solicitar ata 6 centros por orde de preferencia e alegar os criterios de admisión que pretenda que se lle valoren

Solicitude a través da sede electrónica da Xunta de Galicia:

- 1.- A persoa solicitante (persoa proxenitora, titora ou acolladora) deberá dispoñer necesariamente dun certificado de identidade e sinatura dixital, ou un sistema de usuario e clave como a *Chave365*
- 2.- Cubrir a solicitude de Admisión na aplicación ADMISIÓN ALUMNADO modelo ED550B- **Anexo II e Anexo II bis**
- 3.- Imprimir e asinar manualmente, o Anexo II e o Anexo libis, este último deberá ser asinado de forma manual *pola **outra** persoa proxenitora, titora ou acolladora*
- 3.- Escanear os documentos para presentar en sede electrónica.
- 4.- A seguir, a aplicación permite conectar coa sede electrónica da Xunta de Galicia para asinar e presentar a solicitude utilizando calquera dos medios de identidade e sinatura, anteriormente sinalados. Deberá presentar os documentos Anexo II, Anexo libis e o resto da documentación.
- 5.- O xustificante da presentación electrónica da solicitude só se sera cando a persoa a asina e a presente a través da sede electrónica, e indica a data de presentación.

*** Pódense solicitar ata 6 centros por orde de preferencia e alegar os criterios de admisión que pretenda que se lle valoren

- Todo o alumnado poderá **presentar solicitude de admisión**, pedindo ata seis centros por orde de preferencia, e alegar os criterios de admisión que pretenda que se lle valoren.
- **Esta solicitude de admisión dirixirase ao centro solicitado en primeiro lugar.** Despois de presentar unha solicitude de admisión, para renunciar a ela deberá facerse expresamente, indicándoo no recadro correspondente da nova solicitude que deberá presentarse.
- En todo caso, **a solicitude de reserva ou de admisión é única** para cada alumno/a e ten carácter vinculante. A súa presentación implica que son certos os datos indicados nela.
- A existencia dunha solicitude de admisión presentada en prazo sen renunciar expresamente á anterior e, así mesmo, a existencia dunha solicitude de admisión sen ter renunciado á praza reservada a 28 de febreiro (este incluído) poderán ser causa de perda do dereito a participar no procedemento nos termos previstos no artigo 8.